

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas

Acordo sobre a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual

ANUNCIO

ACORDO SOBRE DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno da Deputación Provincial en sesión celebrada o día 4 de agosto de 2015 adoptou o seguinte

ACORDO

1º.- O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS (D.E. Dedicación exclusiva)	EQUIPARADO A		RETRIB. ANUAIS POSTO	TOTALS
		GRUPO	NIVEL C.D.		
2	TÉCNICOS CON D. E.	A1	NIVEL 24	48.084,26	96.168,52
6	TÉCNICOS CON D. E.	A2	NIVEL 21	35.460,23	212.761,38
10	ADMIVOS. CON D. E.	C1	NIVEL 19	28.717,78	287.177,80
8	AUXILIAR CON D. E.	C2	NIVEL 16	24.729,98	197.839,84
26	TOTALS				793.947,54

Poderá asignarse ao persoal eventual o complemento de produtividade nas condicións en que estea autorizada a súa aplicación na normativa de xeral aplicación e nas que se determinen nos acordos correspondentes.

As persoas designadas percibirán as retribucións asignadas cando se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente, se acredite polos nomeados que reúnen as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño e se dea a aceptación expresa de cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

Na resolución ou resolucións de nomeamento indicárase de forma xeral o contido das funcións, tarefas ou cometidos encomendados propios dos servizos xerais da Corporación provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación (RPT)

2º.- As retribucións expresadas actualizaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos Orzamentos xerais do Estado.

3º.- Publicar o presente acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 104.bis da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de ransparencia da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno e por analogía ao disposto no artigo 17 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.

4º.- Os nomeamentos dos funcionarios de emprego, as súas retribucións e o seu réxime de dedicación será obxecto da publicidade indicada no parágrafo anterior.

5º.- O presidente da Corporación informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto na presente resolución.

O presidente
Valentín González Formoso

O secretario xeral
José Luis Almau Supervía

SECRETARÍA

JOSE LUIS ALMAU SUPERVÍA, Secretario General de la Diputación Provincial de A Coruña,

CERTIFICO:

A la vista de los antecedentes que obran en esta Secretaría, hasta el día de la fecha y desde el inicio del mandato 2015-2019 de la Corporación Provincial, no se han establecido indemnizaciones por abandono del cargo relativas al personal que ocupan cargos o puestos de confianza.

Y para que así conste, expido la presente certificación en A Coruña, a veintiocho de febrero de dos mil diecinueve.

Vº Bº

EL PRESIDENTE



Valentín González Formoso

